A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Cada unidade será avaliada a través de distintas probas. Empregaremos actividades de completar enunciados ou de relacionar elementos e preguntas abertas de resposta libre.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

- \* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
- \* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

### CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DE 3º

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
PLURILINGÜE OS CASAIS  
15025633



global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa , pñeráse en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## AVALIACIÓN DE 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### Avaliación inicial:

O proceso de avaliación inicial levarase a cabo as primeiras semanas lectivas do curso. Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado. Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: traballos individuais e/ou grupais, actividades interactivas, probas escritas e orais, xogos... A partir da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

### Avaliación continua:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación. No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades Didácticas que compoñen o trimestre, o traballo diario realizado na aula e as actividades levadas a cabo na casa. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas/orais (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao remate de cada UD. Os distintos procedementos de avaliación utilizados como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Na seguinte táboa amósase un resumo dos criterios, as porcentaxes e os instrumentos de avaliación:

CRITERIO	PORCENTAXE	INSTRUMENTO
Valoración dos criterios de avaliación relacionados coa unidade a traballar.	60%	Proba oral . Proba escrita. Rexistro de observación. Rúbricas.
Realización do traballo desenvolto na aula: organización dos materiais, adecuación do traballo, presentación do caderno, actitude (participación, esforzo,...).	30%	Diario de clase. Rexistro de observación.
Realización de traballos específicos na casa.	10%	Traballos de investigación. Exposicións orais trimestrais.



### **Avaliación final:**

Ao finalizar o curso valorarase globalmente os resultados segundo o traballo realizado ao longo dos diferentes trimestres. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente(IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1,2,3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia , á superior. Tal e como establece na súa disposición transitoria cuarta a "ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia" en referencia á promoción: ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto de Educación Primaria e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión farase tendo en conta os criterios de promoción e tendo especial consideración á mestra titora. O resto de cursos (1º-3º e 5º) da etapa de E.P. promocionarán automaticamente. O alumnado que non alcance a promoción será aquel que teña máis de 3 materias suspensas, sempre e cando 2 desas 3 materias non sexan troncais. Este alumnado permanecerá un ano máis no mesmo curso, como medida excepcional. O equipo docente elaborará un plan específico de reforzo, para que este alumnado poida alcanzar, durante ese curso, o grao de adquisición das competencias correspondentes. A repetición considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.



## **Criterios de cualificación para as materias de ciencias da natureza/ ciencias sociais/ matemáticas/ lingua castelá/ lingua galega e proxecto competencial**

Á hora de establecer os criterios de cualificación das materias, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas nas distintas materias empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE</b>
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade.	50%
Realización do traballo na aula:	30%
Realización de traballos específicos na casa (rematar tarefas de aula, investigacións,..)	10%
Valoración da actitude na aula: -Traballo en grupo. -Actitude axeitada de cara ao traballo. -Respecto cara ós demais. -Colaboración nas actividades programadas.	10%

A continuación explícase o procedemento para obter a nota trimestral e final de cada unha das materias.

### **Ciencias da natureza**

- $\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2}) / 2$
- $\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD3} + \text{NOTA UD4}) / 2$
- $\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 2$

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

### **Ciencias sociais**

- $\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2} + \text{NOTA UD3}) / 3$
- $\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD4} + \text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 3$
- $\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD7} + \text{NOTA UD8}) / 2$

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

### **Matemáticas**

- $\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2}) / 2$
- $\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD3} + \text{NOTA UD4}) / 2$
- $\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 2$

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

### **Lingua castelá**

- $\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2} + \text{NOTA UD3}) / 3$
- $\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD4} + \text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 3$
- $\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD7} + \text{NOTA UD8} + \text{NOTA UD9}) / 3$

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente / Suficiente / Ben / Notable / Sobresaliente).

Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia:  $\text{nota final} = \text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av} + 2x \text{ nota } 2^{\text{a}} \text{ av} + 3x \text{ nota } 3^{\text{a}} \text{ av} / 6$ .

## Lingua galega

- NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3) / 3
- NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4 + NOTA UD5 + NOTA UD6) / 3
- NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7 + NOTA UD8 + NOTA UD9) / 3

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente / Suficiente / Ben / Notable / Sobresaliente).

Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: nota final= nota 1ª av + 2x nota 2ª av + 3x nota 3ª av /6.

## Proxecto competencial

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se amosan o pasos seguidos para levar a cabo o proxecto.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. Dossier informativo e presentación dixital.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## Promoción do alumnado

Atendendo ó recollido no artigo 24 da ORDEN de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

*Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e a consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.*

Polo tanto todo o alumnado de 5º promocionará ó curso seguinte independentemente das cualificacións das materias.

## **Criterios de cualificación para as materias de ciencias da natureza/ ciencias sociais/ matemáticas/ lingua castelá/ lingua galega e proxecto competencial**

Á hora de establecer os criterios de cualificación das materias, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas nas distintas materias empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE</b>
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade.	50%
Realización do traballo na aula	30%
Realización de traballos específicos na casa (rematar tarefas de aula, investigacións...)	10%
Valoración da actitude de traballo na aula: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo en grupo.</li> <li>- Actitude axeitada de cada ao traballo.</li> <li>- Respecto cara ós demais.</li> <li>- Colaboración nas actividades programadas</li> </ul>	10%

A continuación explícase o procedemento para obter a nota trimestral e final de cada unha das materias.

## Ciencias da natureza

- NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2
- NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2
- NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

## Ciencias sociais

- NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3) / 3
- NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4 + NOTA UD5 + NOTA UD6) / 3
- NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7 + NOTA UD8) / 2

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

## Matemáticas

- NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2
- NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2
- NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

## Lingua castelá

- NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3) / 3
- NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4 + NOTA UD5 + NOTA UD6) / 3
- NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7 + NOTA UD8 + NOTA UD9) / 3



A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente / Suficiente / Ben /

Notable / Sobresaínte ). Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia:  $\text{nota final} = \text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av} + 2x \text{ nota } 2^{\text{a}} \text{ av} + 3x \text{ nota } 3^{\text{a}} \text{ av} / 6$ .

## Lingua galega

- $\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2} + \text{NOTA UD3}) / 3$
- $\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD4} + \text{NOTA UD5} + \text{NOTAUD6}) / 3$
- $\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD7} + \text{NOTA UD8} + \text{NOTA UD9}) / 3$

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente / Suficiente / Ben / Notable / Sobresaliente). Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia:  $\text{nota final} = \text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av} + 2x \text{ nota } 2^{\text{a}} \text{ av} + 3x \text{ nota } 3^{\text{a}} \text{ av} / 6$ .

## Proxecto competencial

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno sobre o proxecto.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs, ...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. Dossier informativo e presentación dixital.



Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## Valores éticos e cívicos

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

- $\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2}) / 2$
- $\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD3} + \text{NOTA UD4}) / 2$
- $\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 2$

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

## Promoción do alumnado

Atendendo ó recollido no artigo 24 da ORDEN de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e a consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto de cursos da etapa será automática. Polo tanto todo o alumnado de 6º promocionará ó curso seguinte ata con tres materias sen superar, sempre e cando non máis de dúas sexan troncais.



## AVALIACIÓN DE RELIXIÓN CATÓLICA

### CONCRECIÓN DOS CONTIDOS. CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Acadarase unha cualificación positiva en cada unha das avaliacións e na final, se o alumno ou alumna consegue superar os criterios de avaliación e mínimos esixibles. Estes mínimos serán:

#### 4° de EI

- Descubrir o valor intrínseco da natureza e a importancia do seu coidado.
- Valorar o feito de compartir e amosar xestos respectuosos e de cariño cara aos demais.
- Identificar elementos propios da festa de Nadal

#### 2° de EP

- Descubrir o valor das accións individuais no coidado da casa común.
- Apreciar o valor da transmisión das tradicións culturais.
- Recoñecer a necesidade da vida en comunidade.

#### 3° de EP

- Descubrir a importancia da familia e da comunidade para a felicidade persoal.
- Recoñecer os tempos fortes do calendario litúrxico.
- Valorar a propia responsabilidade no coidado do entorno natural e social como casa común.

#### 6° de EP

- Valorar a diversidade e a pluralidade como unha riqueza do ser humano.
- Recoñecer os retos que plantexa a paz, a igualdade, o medio ambiente, etc.
- Identificar a mensaxe evanxélica como fraternidade universal.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A avaliación continua lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante diferentes instrumentos: observación das actitudes dos alumnos e alumnas, as habilidades e destrezas adquiridas, o traballo da clase, o seguimento do caderno e algunha proba escrita. Servirá para ver se acadan os obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou é necesario retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación nunha determinada





avaliación. Estes instrumentos (establecidos con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución de logro de maior a menor grado) permitirán recoller información relevante sobre os resultados de apredizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

a) Parte actitudinal. 45%

- Aproveitamento do tempo.
- Esforzo e participación con interese en cada sesión.
- Respecto aos docentes e aos compañeiros e compañeiras.
- Respecto ás normas de funcionamento da clase.
- Atención e participación nas explicacións.

b) Parte conceptual. 20%

- Análise das producións individuais.
- Resposta de preguntas orais ou escritas.
- Traballo completo e corrixido.
- Presentación e limpeza.
- Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas de clase (plásticas, escritas, orais...)

c) Parte procedimental. 35%

- Análise doutras actividades máis prácticas: manualidades, xogos, actividades dixitais...
- Traballo con boa actitude, esforzo, motivación... ante este tipo de actividades.
- Interese por realizar actividades novas e de distinta índole.

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos, na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación, tal como foi apuntado con anterioridade, será o da avaliación continua, e os nenos e nenas serán avaliados constantemente. desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA ÁREA DE INGLÉS

Mestra: Ainhoa Carballo Insausti

Realizarase unha avaliación continua do alumnado, prestaremos especial atención e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada crianza dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias no remate do curso.

Os procedementos preferidos para avaliar serán a observación diaria das postas en común, presentacións, probas orais ou escritas, gravacións en audio e vídeo, representacións tipo “role plays”, pequenas representacións teatrais, análise do portfolio do alumnado e todas aquelas tarefas do día a día que poidan aportar datos para coñecer o nivel do alumnado. Por outra banda, os instrumentos de referencia empregados para recoller información, serán os seguintes:

- Rúbricas
- Listas de cotexo
- Caderno de observación
- Probas orais e escritas

Para obter a cualificación teremos en conta os criterios de avaliación de cada unidade e nivel, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. A cualificación de cada unidade didáctica calcularase da seguinte maneira:

90% - Media ponderada dos estándares de avaliación (cada criterio ten un peso asignado segundo a unidade, o cal ven reflectido no correspondente apartado da programación)

10% - Participación, nivel de desempeño e o traballo diario.

A cualificación de cada trimestre será a media ponderada entre os resultados nas unidades correspondentes. Cada unidade ten un peso asignado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA ÁREA DE PLÁSTICA  
Mestra: Ainhoa Carballo Insausti

A totalidade dos criterios de avaliación serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no que ás unidades didácticas se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 90% + UD4 10%

-2º trim.: UD2 90% + UD4 10%

-3º trim.: UD3 90% + UD4 10%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%



## MÚSICA PRIMARIA

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos na materia

Instrumentos de avaliación	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total programación
<b>Pesos das unidades didácticas (%)</b>	<b>15</b>	<b>21</b>	<b>24</b>	<b>40</b>	<b>100</b>
Proba escrita	20	20	20	0	12
Táboa de indicadores	80	80	80	100	88

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obtérase do xeito seguinte:

-1º trim. 25%

-2º trim. 35%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-Se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA

### 1º EP

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	9	8	7	6	7	7	7	7	7
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	8	6	6	6	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

### Cráterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación. Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

### COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.



- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).

## CANDO SE AVALÍA?

### 1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

### 2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2024/2025:

#### 1º TRIMESTRE (6 UD - 41%):

- UD. 1: 10% = equivalente a un 1 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 22% = equivalente a un 2,2 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 19% = equivalente a un 1,9 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 15% = equivalente a un 1,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 6: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 6)= 10

#### 2º TRIMESTRE (5 UD - 33%):

- UD. 7: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 11: 15,2% = equivalente a un 1,52 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 7 á 11)= 10

#### 3º TRIMESTRE (4 UD - 26%):

- UD. 12: 31% = equivalente a un 3,1 da nota 3o trimestre.
- UD. 13: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3o trimestre.
- UD. 14: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3o trimestre.
- UD. 15: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3o trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 12 á 15)= 10



### 3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2024/2025:

- 1º TRIMESTRE (6 UD): 41% equivalente a un 4,1 da nota final
- 2º TRIMESTRE (5 UD): 33 % equivalente a un 3,3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (4 UD): 26 % equivalente a un 2,6 da nota final
- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.





## 2º EP

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	9	7	6	5	7	7	7	7	7
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	6	6	7	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación. Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

### COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

